

Determinación	Contén non menos do 11% nin máis do 12,8% de nitróxeno (N) en substancia anhidra
Descrición	Po branco higroscópico de cheiro débil non desagradable
Identificación	
A. Solubilidade	Insoluble en auga, etanol e éter
B. pH dunha dispersión ó 5%	Entre 5,0 e 8,0
Pureza	
Auga	Non máis de 6% (Karl Fischer)
Cinzas sulfatadas	Non máis de 0,4%
Materia soluble en auga	Non máis de 1%
N-vinilpirrolidona libre	Non máis de 10 mg/kg
N,N'-divinil-imidazolidona libre	Non máis de 2 mg/kg
Chumbo	Non máis de 5 mg/kg

MINISTERIO DE ECONOMÍA

11611 *REAL DECRETO 682/2003, do 7 de xuño, polo que se regula o sistema de tramitación telemática a que se refire o artigo 134 e a disposición adicional oitava da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada.* («BOE» 138, do 10-6-2003.)

Este real decreto ten por obxecto desenvolve-lo artigo 134 e a disposición adicional oitava da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, modificada pola Lei 7/2003, do 1 de abril, da sociedade limitada Nova Empresa.

Co ánimo de reforza-lo espírito innovador e emprendedor que lles permita ás nosas pequenas e medianas empresas (PEME) afrontar os retos que presenta o mercado único, a Lei 7/2003 estableceu un marco normativo mercantil e administrativo capaz de estimular a creación de novas empresas, especialmente as microempresas, que constitúen un elemento esencial da economía española e da europea e son fonte de creación de postos de traballo.

Con este real decreto dáselle carta de natureza á simplificación dos trámites de constitución de empresas e á utilización da información necesaria para axuda-los emprendedores a se converteren en empresarios. Con este fin, o Centro de Información e Rede de Creación de Empresas (CIRCE) concíbese como unha rede de puntos de asesoramento e inicio de tramitación (PAIT), nos que se asesora e se prestan servizos ós emprendedores na xestión, tramitación administrativa e posta en marcha das súas iniciativas empresariais.

Para conseguir axilizar ó máximo os trámites administrativos necesarios para a constitución e posta en marcha da sociedade limitada Nova Empresa, regúlase o documento único electrónico (DUE) como documento administrativo único para realizar de forma telemática estes trámites. O documento único electrónico é un instrumento que presenta dous aspectos fundamentais e innovadores no noso ordenamento xurídico: por un lado, o seu carácter integrador, e por outro, a súa natureza electrónico-telemática.

Finalmente, co fin de garanti-la seguridade xurídica, este real decreto susténtase na lexislación reguladora da utilización da sinatura electrónica tanto nas relacións entre as administracións públicas e os cidadáns, como

entre estas e os notarios e rexistradores mercantís, sempre no ámbito da súa respectiva competencia e por razón do seu oficio.

Este real decreto dítase ó abeiro da disposición derradeira segunda da Lei 7/2003, do 1 de abril.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de xuño de 2003,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación da disposición.*

1. Este real decreto ten por obxecto regula-lo funcionamento dos puntos de asesoramento e inicio de tramitación (PAIT), que constituirán o Centro de Información e Rede de Creación de Empresas (CIRCE), así como do documento único electrónico (DUE), para a constitución e posta en marcha das sociedades constituídas ó abeiro do capítulo XII da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada.

2. As disposicións contidas neste real decreto non alteran as normas relativas á tramitación administrativa non telemática para a constitución e posta en marcha das sociedades ás que se fai referencia no punto anterior.

3. O disposto nos puntos anteriores entenderase sen prexuízo do emprego e aplicación das técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos que en materia de sinatura e envío de documentos puidesen establecerse as diferentes administracións públicas e os organismos públicos e entidades vinculadas ou dependentes delas.

Artigo 2. *Centro de Información e Rede de Creación de Empresas (CIRCE).*

1. O CIRCE é un sistema de información para a tramitación a través de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas da constitución da sociedade limitada Nova Empresa, dando soporte á coordinación entre os distintos elementos que o integran:

a) O sistema de tramitación telemática (STT). É o sistema informático de tramitación de expedientes elec-

trónicos que artella o proceso de creación de empresas baseado no DUE, definido no parágrafo primeiro do número 1 da disposición adicional oitava da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, e facilita a información entre os intervinientes no proceso.

A través do STT levarase a cabo o intercambio da documentación necesaria para a creación de empresas mediante a interacción cos sistemas informáticos dispostos por cada un dos actores que interveñen nel. O STT garántelle ó emprendedor un servizo global e unificado para a creación de empresas.

O sistema de tramitación telemática en ningún caso alterará a información ou os documentos electrónicos emitidos, nin no seu contido nin no referente ós mecanismos de sinatura electrónica, que cada organismo participante utilice para garanti-la súa autoría e validez, nos seus respectivos ámbitos competenciais.

En todo caso, a remisión de documentos públicos que realicen notarios e rexistradores a través do sistema CIRCE entenderase que cumpre coas normas sobre a incorporación de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas na seguridade xurídica preventiva establecidas na Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

b) O portal PEME. Está constituído por un conxunto de contidos multimedia para lles proporcionar servizos de información e asesoramento ós emprendedores a través da internet desde a Dirección Xeral de Política da Pequena e Mediana Empresa.

c) A rede de puntos de asesoramento e inicio de tramitación, nos que se asesora e se lles prestan servizos ós emprendedores, tanto na xestión, tramitación administrativa e posta en marcha das súas iniciativas empresariais, como durante os primeiros anos da súa actividade.

2. A administración e xestión do sistema de tramitación telemática correspóndelle ó Ministerio de Economía, a través da Dirección Xeral de Política da Pequena e Mediana Empresa.

Artigo 3. Puntos de asesoramento e inicio de tramitación (PAIT).

1. Os PAIT serán oficinas dependentes de entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro, así como colexios profesionais, organizacións empresariais e cámaras de comercio, nas que, para os efectos deste real decreto, se prestarán servizos presenciais de información e asesoramento ós emprendedores na definición e tramitación telemática das súas iniciativas empresariais, así como durante os primeiros anos de actividade da sociedade limitada Nova Empresa.

2. A tramitación telemática do DUE a que se refire o artigo 2.1.a) iníciarase nos PAIT.

3. Sen prexuízo doutros servizos que puidesen prestar, os servizos a que se refire o número 1 prestaranse sen esixir ningunha contraprestación económica.

4. A Administración xeral do Estado, a través do Ministerio de Economía, subscribirá convenios para o establecemento de puntos de asesoramento e inicio de tramitación da sociedade limitada Nova Empresa con outras administracións públicas e con entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro, colexios profesionais, organizacións empresariais e cámaras de comercio, sempre que o soliciten e poidan acredita-las condicións requiridas.

En calquera caso, os portelos únicos empresariais, creados ó abeiro do Protocolo do 26 de abril de 1999 mediante os correspondentes instrumentos xurídicos de cooperación con comunidades autónomas e entidades locais, poderán realiza-las funcións a que se fai referencia

no número 1 para a creación e desenvolvemento da sociedade limitada Nova Empresa.

5. O Ministerio de Economía terá á disposición do público unha relación das oficinas que presten os servizos a que se fai referencia neste artigo.

CAPÍTULO II

Documento único electrónico (DUE)

Artigo 4. *Natureza e contido do DUE.*

1. O DUE é un instrumento de natureza telemática no que se inclúen tódolos datos referentes á sociedade limitada Nova Empresa que, de acordo coa lexislación aplicable, deben remitirse ós rexistros xurídicos e ás administracións públicas competentes para a constitución da sociedade e para o cumprimento das obrigas en materia tributaria e de seguridade social inherentes ó inicio da súa actividade, sempre e cando estes se remitan por medios telemáticos.

2. O DUE conterá dous tipos de datos:

a) Datos básicos, que se deberán cubrir no momento en que se dá inicio á tramitación. Estes datos detallanse no anexo I.

b) Datos que incorporarán en cada fase da tramitación o notario autorizante da escritura pública de constitución da sociedade, os encargados dos rexistros xurídicos e as administracións públicas competentes para a constitución da sociedade e para o cumprimento das obrigas en materia tributaria e de seguridade social inherentes ó inicio da súa actividade. Estes datos detallanse no anexo II.

Artigo 5. *Trámites que poden ser realizados co documento único electrónico (DUE).*

1. Para dar cumprimento ó establecido no artigo 134 e na disposición adicional oitava da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, o DUE permite a realización telemática dos seguintes trámites:

a) Obtención da denominación social da sociedade limitada Nova Empresa.

b) Obtención do número de identificación fiscal (NIF) provisional da sociedade.

c) Autoliquidación do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (operacións societarias).

d) Obtención do NIF definitivo da sociedade.

e) Declaración censual de inicio de actividade tanto para a Axencia Estatal de Administración Tributaria como para a Comunidade Autónoma de Canarias.

f) Formalización da cobertura dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais e da prestación económica por incapacidade temporal por continxencias comúns dos traballadores da sociedade.

g) Inscrición do empresario e apertura do código conta de cotización (CCC) na Seguridade Social.

h) Inscrición de embarcacións e artefactos flotantes.

i) Afiliación e alta de traballadores no sistema da Seguridade Social.

j) Alta no imposto sobre actividades económicas (IAE) para efectos censuais.

2. Por orde do ministro de Economía poderase establecer a realización telemática, mediante o DUE, doutros trámites que complementen ou substitúan os mencionados no punto anterior.

Artigo 6. Tramitación do documento único electrónico (DUE).

Unha vez consignados no DUE os datos básicos os que se refire o anexo I, o sistema de tramitación telemática asignaralle o número CIRCE correspondente, identificando así de maneira única e inequívoca tanto a sociedade en constitución coma o DUE, procedéndose a continuación á realización dos seguintes trámites:

a) Incorporación da denominación social da sociedade limitada Nova Empresa polo Rexistro Mercantil Central. Para tal efecto, o sistema de tramitación telemática remitiralle ó Rexistro Mercantil Central os seguintes datos recollidos no DUE:

- 1.º Nome e apelidos do socio fundador elixido para figurar na denominación social da sociedade.
- 2.º Nome e apelidos do beneficiario ou interesado a prol do que se debe expedir a certificación.
- 3.º Nome e apelidos do socio solicitante daquela ou do representante se é o caso.

b) Elección do notario autorizante da escritura pública de constitución da sociedade. Conforme o establecido na vixente lexislación notarial, o STT permitirá concertala cita co notario elixido polos socios para o outorgamento da escritura pública de constitución da sociedade. Incorporarase ó DUE a confirmación da cita xunto cos datos identificativos do notario elixido.

c) Incorporación dos datos relativos á escritura de constitución ó DUE. Unha vez outorgada a escritura pública de constitución da sociedade, o notario autorizante coa súa sinatura electrónica avanzada incorporará ó DUE os datos relativos a aquela establecidos no anexo II letra b).

d) Obtención do NIF provisional da sociedade. Para a obtención do NIF provisional da sociedade, o STT remitiralle á Administración tributaria competente os seguintes datos recollidos no DUE:

- 1.º Forma xurídica da empresa: sociedade limitada Nova Empresa.
- 2.º Denominación social.
- 3.º Anagrama comercial da empresa, se o tiver.
- 4.º Domicilio social.
- 5.º Domicilio fiscal, no caso de que fose diferente ó domicilio social.
- 6.º Data de constitución.

Nesta remisión xuntarase a copia simple electrónica da escritura pública de constitución remitida telematicamente polo notario autorizante. Como resultado deste trámite, a Administración tributaria competente incorporará ó DUE o NIF asignado á sociedade en constitución con carácter provisional.

e) Autoliquidación do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (operacións societarias). O STT remitiralle á oficina liquidadora da Administración tributaria competente os seguintes datos recollidos no DUE:

- 1.º Identificación da oficina liquidadora da comunidade autónoma ou delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria que corresponda, así como o seu código identificativo.
- 2.º Data de devengo, que corresponderá á data de constitución da sociedade.
- 3.º Denominación e domicilio social da sociedade.
- 4.º NIF provisional asignado pola Administración tributaria.
- 5.º Datos identificativos do documento público suxeito ó imposto, que se corresponden cos establecidos no anexo II, letra b).
- 6.º Valor declarado que corresponde ó capital social.

7.º Declaración, se procede, de exención ou non suxeición, así como a norma en que se fundamenta o beneficio fiscal.

8.º Datos para realiza-la autoliquidación:

Base imponible.

Porcentaxe de redución e redución aplicada, se procede.

Base liquidable.

Tipo aplicable.

Cota.

Porcentaxe de bonificación e bonificación aplicada na cota, se procede.

Cantidade total que hai que ingresar.

Información anotada polas entidades financeiras receptoras do ingreso, se é o caso.

9.º Solicitude de aprazamento do pagamento do imposto.

Coa remisión destes datos xuntarase a copia simple electrónica da escritura pública de constitución, remitida telematicamente polo notario autorizante. Como resultado deste trámite, a Administración tributaria competente fará constar no DUE a liquidación efectiva do imposto.

f) Incorporación dos datos relativos á inscrición rexistral ó DUE. Unha vez realizada a inscrición da sociedade no rexistro mercantil correspondente, mediante a remisión, xunto co documento único electrónico, da copia autorizada electrónica, consonte o disposto no número 2 do artigo 134 da Lei 2/1995, do 23 de marzo, e de conformidade co establecido na Lei 24/2001, do 27 de decembro, sobre a incorporación de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas á seguridade xurídica preventiva, o rexistrador mercantil, a través do CIRCE e con sinatura electrónica avanzada, incorporará ó DUE os datos relativos á inscrición rexistral. Inmediatamente despois de practicala inscrición, o rexistrador mercantil notificaralle ó notario autorizante, por vía telemática, os datos rexistrais e a parte do DUE á que incorporaría os datos rexistrais, para os efectos previstos nos números 9 e 10 do artigo 134 da Lei 2/1995, do 23 de marzo.

Inscrita a sociedade, o rexistrador mercantil transmitirá ó Rexistro Mercantil Central os datos concernentes á sociedade, e realizará, se é o caso, as demais comunicacións conforme o disposto no número 11 do artigo 134 da Lei 2/1995, do 23 de marzo, e de conformidade co establecido na Lei 24/2001, do 27 de decembro, sobre a incorporación de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas á seguridade xurídica preventiva.

Nos supostos de cualificación negativa, aplicarase o disposto nos números 7 e 8 do artigo 134 da Lei 2/1995, do 23 de marzo.

g) Obtención do NIF definitivo da sociedade. Unha vez que a Administración tributaria competente reciba do notario autorizante a copia simple da escritura de constitución e do DUE que incorporará os datos da resolución de inscrición rexistral establecidos no anexo II, letra c), procederá a envialo NIF definitivo da sociedade ó seu domicilio fiscal ou, excepcionalmente e tras petición do seu representante, ó domicilio que se consignase para efectos de notificacións.

h) Expedición da copia autorizada en soporte papel da escritura de constitución da sociedade. O notario autorizante deberá expedir a copia autorizada en soporte papel da escritura de constitución da sociedade nun prazo non superior a 24 horas, computado desde a notificación da resolución de inscrición polo rexistrador mercantil ó notario autorizante ou ó seu substituto.

Nesta copia deberase deixar constancia do NIF da sociedade e da remisión da copia telemática da escritura de constitución e do DUE á Administración tributaria

competente para que esta proceda a envia-lo número de identificación fiscal definitivo da sociedade ó seu domicilio fiscal ou, excepcionalmente e tras petición do seu representante, ó domicilio que se consignase para efectos de notificacións.

i) Declaración censual de inicio de actividade. Para os efectos da declaración censual de inicio de actividade, o sistema de tramitación telemática remitirá á Administración tributaria competente os seguintes datos contidos no DUE:

- 1.º Denominación social.
- 2.º Anagrama comercial da empresa, se o tivese.
- 3.º Domicilio social.
- 4.º Domicilio fiscal, no caso de que fose diferente ó domicilio social.
- 5.º Data de constitución.
- 6.º Data de peche do exercicio social.
- 7.º As declaracións-liquidacións que periodicamente lle deba presenta-la empresa á Administración tributaria competente por razón das súas actividades ou por satisfacen os rendementos suxeitos a retención que se establecen no anexo I, número 1.l).
- 8.º Datos das situacións tributarias da empresa que se establecen no anexo I número 1.l).
- 9.º Datos sobre a actividade económica principal, epígrafe do IAE e data de inicio de actividade.
- 10.º As declaracións-liquidacións que periodicamente deban presentar e os datos da situación tributaria que estableza a Comunidade Autónoma de Canarias respecto ós tributos xestionados por esta.

Esta declaración presentarase cando a empresa vaia comeza-lo exercicio dunha ou varias actividades empresariais ou profesionais ou no momento do nacemento da obriga de reter sobre os rendementos que se satisfagan, aboén ou deban, conforme dispón o artigo 9.5 do Real decreto 1041/1990, do 27 de xullo, polo que se regulan as declaracións censuais que deben presentar para efectos fiscais os empresarios, profesionais e outros obrigados tributarios, e o artigo 6.dous.4 do Decreto da Comunidade Autónoma de Canarias 1/2002, do 11 de xaneiro, polo que se regulan as declaracións censuais que deben presenta-los empresarios ou profesionais. A Administración tributaria competente practica-la inscrición sen outra documentación que a que se achegou para a obtención do NIF definitivo.

Conforme o disposto na disposición adicional décima.dous da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias, e a normativa dos seus tributos propios, a Comunidade Autónoma de Canarias aprobará os datos do DUE correspondentes ós tributos que, xestionados por esta comunidade autónoma, teñan os suxeitos pasivos a obriga de presentar na declaración censual de comezo.

j) Alta no IAE para efectos censuais. Para os efectos da alta no IAE, o STT remitiralle á Administración tributaria competente os seguintes datos contidos no DUE:

- 1.º NIF.
- 2.º Denominación social.
- 3.º Anagrama comercial da empresa, se o tiver.
- 4.º Domicilio fiscal.
- 5.º Datos de actividade e datos relativos ós locais e centros de traballo ou industria da empresa, segundo o establecido no anexo I, número 1.d) e f).

k) Formalización da cobertura dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais e da prestación económica por incapacidade temporal por contingencias comúns dos traballadores da sociedade. O sistema de tramitación telemática remitirá os datos indicados no anexo I, número 1.m).

l) Inscrición do empresario e apertura de código conta de cotización (CCC) na Seguridade Social. Para a ins-

crución do empresario e a apertura do CCC na Seguridade Social, o sistema de tramitación telemática remitirá á Tesourería Xeral da Seguridade Social os datos establecidos no anexo I, número 1.n).

Para efectos da inscrición, entenderase como lugar desta o PAIT desde o que se inicie a tramitación do DUE, e como data de solicitude da inscrición, a do momento en que se dea inicio á tramitación do DUE, de conformidade con este artigo.

Se o socio ou socios introducen modificacións na escritura de constitución, das que resultase unha variación respecto dos datos básicos achegados no momento de dar inicio á tramitación do DUE, o STT-CIRCE devolveralle ó PAIT o DUE. O socio ou socios deberán presentar alí os datos básicos necesarios para a inscrición a que se refire o anexo I, número 1.m) e n). Neste caso, entenderase como data de solicitude o momento en que os datos a que se fai referencia neste parágrafo sexan introducidos no PAIT.

Cuando a Tesourería Xeral da Seguridade Social reciba do notario autorizante, coa súa sinatura electrónica avanzada, a copia simple da escritura de constitución da sociedade e o DUE, que incorporará os datos do empresario establecidos no anexo I, número 1.m) e n), asignará un número único de inscrición que será considerado como o código conta de cotización primeiro e principal da empresa. Se é o caso, a Tesourería Xeral da Seguridade Social poderalle asignar ó empresario outros CCC secundarios.

m) Inscrición do empresario e identificación e inscrición de embarcacións e artefactos flotantes. Para a inscrición do empresario no réxime especial dos traballadores do mar e a identificación e inscrición da embarcación ou artefacto flotante, remitiranse ó Instituto Social da Mariña os datos establecidos no anexo I, número 1.m), n) e o).

n) Asignación do número de Seguridade Social e recoñecemento da condición de afiliado do traballador. O sistema de tramitación telemática remitirá á Tesourería Xeral da Seguridade Social os datos establecidos no anexo I, número 1.p), para a asignación de número da Seguridade Social e, se é o caso, de afiliación.

A Tesourería Xeral da Seguridade Social incorporará ó DUE o número da Seguridade Social de cada traballador afiliado e procederá ó envío do documento de afiliación de cada un deles.

Para efectos da afiliación do traballador, entenderase como lugar desta o PAIT desde o que se inicie a tramitación do DUE, e como data de solicitude da afiliación, a do momento en que se dea inicio á tramitación do DUE, de conformidade con este artigo.

Se o socio ou socios introducen modificacións na escritura de constitución, das que resultase unha variación respecto dos datos básicos achegados no momento de dar inicio á tramitación do DUE, o STT-CIRCE devolveralle ó PAIT o DUE. O socio ou socios deberán presentar alí os datos básicos necesarios para a afiliación do traballador a que se refire o anexo I, número 1.p). Neste caso, entenderase como data de solicitude o momento en que os datos a que se fai referencia neste parágrafo sexan introducidos no PAIT.

ñ) Obtención da alta no réxime da Seguridade Social que corresponda. Para que se produza o recoñecemento da alta do traballador no réxime da Seguridade Social que corresponda, o STT remitirá á Tesourería Xeral da Seguridade Social os datos establecidos no anexo I, número 1.q) e r), segundo corresponda.

Como resultado deste trámite, a Tesourería Xeral da Seguridade Social fará constar no DUE o rexistro da situación de alta de cada un dos traballadores.

Para efectos da alta do traballador no réxime da Seguridade Social que corresponda, entenderase como lugar

desta o PAIT desde o que se inicie a tramitación do DUE, e como data de solicitude da alta, a do momento en que se dea inicio á tramitación do DUE, de conformidade con este artigo.

Se o socio ou socios introducisen modificacións na escritura de constitución, das que resultase unha variación respecto dos datos básicos achegados no momento de dar inicio á tramitación do DUE, o STT-CIRCE devolveralle ó PAIT o DUE. O socio ou socios deberán presentar alí os datos básicos necesarios para a alta do traballador a que se refire o anexo I, número 1.q) e r). Neste caso, entenderase como data de solicitude o momento en que os datos a que se fai referencia neste parágrafo sexan introducidos no PAIT.

o) Outros trámites. Regulamentariamente, ou mediante a subscripción dos oportunos convenios, poderanse incluír novos datos no DUE, co fin de que poida servir para o cumprimento doutros trámites, comunicacións ou obrigas doutras administracións públicas.

Artigo 7. *Comunicación de modificacións polas administracións públicas.*

1. Para a correcta realización da tramitación telemática do DUE á que se refire este real decreto, as administracións públicas competentes deberanlle facilitar ó administrador do sistema de tramitación telemática, polo procedemento automatizado establecido no propio sistema, as modificacións que se puidesen producir con relación a novos datos que se tivesen que consignar, así como calquera modificación nas táboas de codificación dos datos xa contidos no DUE.

2. Recibidas as modificacións ás que se fai referencia no punto anterior, o administrador do STT incluíraos de forma automática no sistema.

Artigo 8. *Protección de datos persoais.*

1. Os PAIT unicamente poderán solicitar datos persoais directamente dos seus titulares ou logo do consentimento explícito destes, e só na medida necesaria para a realización dos trámites recollidos neste real decreto.

2. O tratamento dos datos persoais que se precisen para a tramitación telemática establecida neste real decreto estará sometido á Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Disposición adicional única. *Supletoriedade.*

En todo o relativo ás notificacións telemáticas e substitución de certificados en soporte papel por certificados telemáticos e transmisións de datos, aplicarase, con carácter supletorio, o Real decreto 209/2003, do 21 de febreiro, polo que se regulan os rexistros e as notificacións telemáticas, así como a utilización de medios telemáticos para a substitución da presentación de certificados polos cidadáns, e sen prexuízo do establecido na normativa específica sobre a incorporación de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas á seguridade xurídica preventiva.

Disposición derradeira primeira. *Técnicas vinculadas á seguridade xurídica preventiva.*

As técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas vinculadas á seguridade xurídica preventiva e ó disposto neste real decreto deberán estar implantadas e ser operativas no prazo máximo dun mes desde a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 7 de xuño de 2003.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
para Asuntos Económicos
e ministro de Economía,
RODRIGO DE RATO Y FIGAREDO

ANEXO I

Datos básicos do documento único electrónico (DUE)

1. O DUE conterá, se é o caso, os seguintes datos básicos declarados pola ou polas persoas físicas, ou os seus representantes, que vaian constituí-la sociedade de responsabilidade limitada Nova Empresa:

a) Datos identificativos relativos ós socios: nome e apelidos, idade e representante, se é o caso, nacionalidade, estado civil, réxime matrimonial e datos do cónxuxe, se é o caso, número de identificación fiscal destes (con carácter xeral, documento nacional de identidade ou número de identidade de estranxeiro), número de afiliación á Seguridade Social, se o tiver, condición de socio traballador explicitando os datos necesarios para a adscrición pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ó réxime do sistema de Seguridade Social correspondente, domicilio e domicilio fiscal, se non coinciden, e, se é o caso, indicación da condición de administrador da sociedade que se vai constituír.

b) Datos relativos á denominación social da empresa: indicación do socio do que o nome e apelidos se incorporarán á denominación social.

c) Datos relativos ó representante da empresa: nome e apelidos ou denominación social e anagrama, se é o caso, número de identificación fiscal, nacionalidade e datos relativos ó seu domicilio.

d) Datos relativos á actividade da empresa: descrición da actividade principal, código nacional de actividades económicas, epígrafe do IAE, número de traballadores previstos ó inicio da actividade, de ser esta inmediata, nome ou anagrama comercial previsto.

e) Datos societarios: domicilio social, capital social, obxecto social, forma xurídica (neste caso, sociedade limitada Nova Empresa), duración da sociedade, data prevista de inicio da actividade, de non ser esta inmediata, data de peche do exercicio social, cota de participación e contribucións dos socios, tanto en diñeiro como non, se as houber, incluíndo neste caso a descrición e valoración

f) Datos relativos ós locais ou centros de traballo ou industria da empresa, indicando se o local é principal ou secundario, e o seu número de referencia, a súa localización, referencia catastral e superficie en m².

g) Datos relativos ó domicilio, para efectos de notificacións, optando polo da empresa, o do representante, o da actividade ou o dun dos administradores.

h) Designación do domicilio fiscal, conforme o artigo 8 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades.

i) Elección do medio de notificación: correo, correo electrónico ou fax.

j) Código conta cliente da conta bancaria da empresa, se é o caso.

k) Oficina liquidadora da comunidade autónoma ou delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria que corresponda, así como o seu código para efectos da declaración do imposto sobre transmisións patri-

moniais e actos xurídicos documentados (operacións societarias).

l) Situación tributaria e declaracións-liquidacións (para efectos da declaración censual de comezo de actividade):

1.º Declaración de se a realización habitual das entregas de bens ou prestacións de servizos que constitúan o obxecto da actividade da empresa en constitución se producirá con carácter previo ou simultáneo ó comezo da adquisición ou importación de bens ou servizos destinados ó desenvolvemento de tal actividade.

2.º A opción pola pro rata especial, así como a porcentaxe provisional de dedución proposta, se procede.

3.º A opción para calcula-los pagamentos fraccionados á conta do imposto sobre sociedades polo sistema previsto no artigo 38.3 da Lei 43/1995, do 27 de decembro.

4.º A declaración de se o obrigado tributario satisfai rendementos de traballo persoal suxeitos a retención ou se realiza ingresos á conta.

5.º A declaración de se o obrigado tributario satisfai rendementos de actividades profesionais, artísticas, deportivas, agrícolas, gandeiras ou forestais suxeitos a retención ou ingreso á conta.

6.º A declaración de se o obrigado tributario satisfai rendementos de capital mobiliario suxeitos a retención.

7.º A declaración de se o obrigado tributario satisfai rendementos procedentes do arrendamento ou subarrendamento de inmobles urbanos suxeitos a retención ou ingreso á conta.

8.º A obriga do suxeito pasivo de presentar declaración polo imposto sobre o valor engadido e se este está incluído nalgún dos seguintes réximes:

Réxime xeral ou ordinario.

Réxime especial de bens usados, obxectos de arte, antigüidades e obxectos de colección, determinación base impositiva operación por operación.

Réxime especial de bens usados, obxectos de arte, antigüidades e obxectos de colección, determinación de base impositiva mediante a marxe de beneficio global.

9.º A obriga de presentar declaración polo imposto sobre alcohol e bebidas derivadas; obriga de presentar declaración polo imposto sobre a cervexa; obriga de presentar declaración por algún outro imposto especial.

10.º Gravame en destino no caso de vendas a distancia: país de destino no caso de vendas a distancia para efectos da declaración censual (artigo 68 da Lei do IVE).

11.º A situación tributaria e declaracións-liquidacións que a Comunidade Autónoma de Canarias establece respecto ós tributos xestionados por esta e para os que a normativa esixa a presentación dunha declaración censual de comezo.

m) Datos necesarios para a formalización da cobertura das continxencias profesionais e da prestación económica por incapacidade temporal por continxencias comúns:

1.º Indicación da mutua ou entidade xestora de opción.

2.º Denominación social.

3.º Anagrama, se é o caso.

4.º Domicilio social.

5.º Domicilio laboral dos diferentes centros.

6.º Teléfono, fax e correo electrónico.

7.º Actividade da empresa.

8.º CNAE.

9.º Epígrafe IAE.

10.º Data de alta ou inicio de actividade.

11.º Descrición dos traballos obxecto da protección.

12.º Número de traballadores iniciais.

13.º Indicación de se autoasegura a empresa a incapacidade temporal por continxencias comúns e, se é o caso, a mutua elixida.

14.º Convenio colectivo de aplicación.

n) Datos de inscrición do empresario e apertura do CCC no sistema da Seguridade Social:

1.º NIF do empresario.

2.º Réxime da conta de cotización.

3.º Denominación social e anagrama, se é o caso.

4.º Data de constitución.

5.º Tipo, número e provincia de rexistro.

6.º Tomo, libro, folio, sección e folia da resolución de inscrición.

7.º Domicilio social e da actividade.

8.º Indicativo de domicilio de notificacións.

9.º Actividade económica (clave CNAE).

10.º Entidade de accidentes de traballo e enfermidades profesionais e data. Se é o caso, opción de cobertura de incapacidade temporal por continxencias comúns.

11.º Tipo de relación laboral.

12.º Colectivo especial.

13.º No caso de CCC solicitados para o réxime especial dos traballadores do mar, indicarse o identificador da embarcación ou do artefacto flotante se é o caso.

o) Datos relativos á inscrición de embarcacións e artefactos flotantes se é o caso:

1.º Nome completo da embarcación ou artefacto flotante.

2.º Tipo en función do elemento productivo ó que se pretende adscribir.

3.º Identificación da embarcación que constará de tres partes: matrícula, lista e folio.

4.º Identificador do artefacto flotante que indique distrito, polígono e cuadrícula.

5.º Distintivo internacional da embarcación segundo tonelaxe.

6.º Tipo de embarcación indicando a actividade desempeñada pola embarcación ou artefacto flotante da forma máis precisa posible; se a actividade é pesqueira, indicarse a modalidade seguida.

7.º Porto base no que radica a embarcación.

8.º Zona mariña na que desempeña a actividade a embarcación, distinguindo para pesca entre caladoiros nacionais ou estranxeiros, e para mariña mercante, entre zonas 1.^a, 2.^a ou 3.^a

9.º Indicación de rexistro na zona especial de Canarias.

10.º Ano en que se terminou a construción da embarcación.

11.º Indicación de se o casco da embarcación está asegurado ou non.

12.º Título que posúe o empresario sobre a embarcación ou artefacto flotante (propiedade, arrendamento, cesión ou calquera outro título).

13.º Forma de retribución dos traballadores por conta allea que realicen a súa actividade nas embarcacións (salario, á parte ou mixto).

14.º Tonelaxe de rexistro bruto da embarcación.

15.º Potencia da embarcación en H.P.

16.º Eslora da embarcación en metros.

17.º Manga da embarcación en metros.

18.º Calado da embarcación en metros.

19.º Puntal da embarcación en metros.

20.º Tipo de casco da embarcación (madeira, ferro, plástico ou varios).

p) Datos relativos á asignación de número da Seguridade Social e, se é o caso, de afiliación:

- 1.º Nome e apelidos.
- 2.º Sexo.
- 3.º Nome do pai e da nai.
- 4.º Data e lugar de nacemento.
- 5.º Nacionalidade.
- 6.º Tipo (DNI, pasaporte ou número de identidade de estranxeiro) e número de documento identificativo.
- 7.º Domicilio.
- 8.º Se se trata de mulleres nacionais dun país da Unión Europea, indicárase ademais o apelido de solteira.

q) Datos relativos á alta do traballador no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos. Réxime especial dos traballadores do mar (conta propia):

- 1.º Número da Seguridade Social.
- 2.º Identificador de persoa física (DNI, pasaporte ou número de identidade de estranxeiro).
- 3.º Data de nacemento.
- 4.º Réxime.
- 5.º Domicilio social e da actividade.
- 6.º Indicativo de domicilio de notificacións.
- 7.º Data real de alta.
- 8.º Actividade económica.
- 9.º Opción da cobertura de incapacidade temporal e, se é o caso, entidade que cobre esta continxencia.
- 10.º Base de cotización.
- 11.º Revalorización automática da base de cotización.
- 12.º Colectivo de traballadores.
- 13.º Pagamento voluntario maiores 65 anos.
- 14.º Mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais para o réxime especial dos traballadores do mar (conta propia).

r) Datos relativos á alta de traballador por conta allea:

- 1.º Con carácter xeral:
 - Número da Seguridade Social.
 - Identificador de persoa física (DNI, pasaporte ou número de identidade de estranxeiro).
 - Data de nacemento.
 - Réxime.
 - Código de conta de cotización.
 - Grupo de cotización.
 - Data real de alta.
 - Tipo de contrato e coeficiente a tempo parcial, se é o caso.
 - Epígrafe de accidentes de traballo.
 - Condición do traballador.
 - Relación laboral de carácter especial.

2.º Específico do sector de representantes de comercio:

Entidade que cobre os accidentes de traballo e enfermidades profesionais e, se é o caso, opción pola cobertura da incapacidade temporal por continxencias comúns.

3.º Específico do réxime especial dos traballadores do mar:

Categoría profesional.

4.º Específico do sistema especial de froitas e hortalizas e industrias de conservas vexetais:

Coeficiente de permanencias.

2. Cando haxa de figurar no DUE un domicilio ou o lugar onde se atope un establecemento, expresaranse os datos necesarios para a súa correcta localización, tales como tipo de vía pública, nome da vía pública, estrada, quilómetro, número de identificación do piso ou local, localidade, municipio, código postal, código municipal, provincia, número de teléfono, fax ou enderezo de correo electrónico. Se se encontrase fóra de poboado, indicárase o termo municipal e o nome do lugar ou calquera outro dato que permita a súa localización.

ANEXO II

Datos que incorporarán no documento único electrónico (DUE) en cada fase da tramitación o notario autorizante da escritura pública de constitución da sociedade, os encargados dos rexistros xurídicos e as administracións públicas competentes para a constitución e posta en marcha da sociedade

a) Datos relativos á denominación social: número CIRCE, que é o código alfanumérico que asignará o sistema de tramitación telemática ó inicio da tramitación e que se incorporará á denominación social da empresa como parte integrante daquela, conforme o establecido no artigo 131.1 da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada.

b) Datos relativos á escritura de constitución, que serán anotados polo notario autorizante daquela no DUE: data do outorgamento da escritura, notario autorizante, lugar do outorgamento e número de protocolo.

c) Datos relativos á inscrición rexistral, que deberán ser anotados polo rexistrador mercantil no DUE: rexistro mercantil no que se practique a inscrición, número de inscrición, provincia, tomo, libro, folio, sección e folia.

d) Datos que deberán ser incorporados ó DUE pola Administración tributaria competente:

- 1.º NIF da sociedade.
- 2.º Xustificación da presentación da declaración censual de inicio de actividade, se é o caso.
- 3.º Xustificación da presentación de declaración de alta no imposto sobre actividades económicas.

e) Xustificación do pagamento do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (operacións societarias), que deberá ser anotado no DUE pola oficina liquidadora do imposto ou do seu aprazamento.

f) Datos que deberán ser incorporados ó DUE pola Tesourería Xeral da Seguridade Social:

- 1.º Xustificación da inscrición e da cobertura das continxencias profesionais e pola prestación económica por incapacidade temporal, se é o caso.
- 2.º Asignación de código(s) de conta de cotización.
- 3.º O código da unidade de xestión da Seguridade Social que corresponda ou oficina de xestión do Instituto Social da Mariña, se é o caso.
- 4.º A xustificación da inscrición provisional de embarcacións e artefactos flotantes, se é o caso.
- 5.º Número de afiliación asignado a cada un dos traballadores, se é o caso.
- 6.º Acreditación da realización dos trámites de alta dos traballadores.

ANEXO III

Formularios substituídos polo documento único electrónico (DUE)

O DUE substitúe os formularios abaixo relacionados para os efectos da aplicación deste real decreto.

Declaración censual	Modelos 036 e 037.
Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados	Modelo 600.
Imposto sobre actividades económicas	Modelos 845 e 846.
Declaración censual de comezo, modificación ou cesamento de actividade da Comunidade Autónoma de Canarias	Modelo 400.
Solicitud de formalización da cobertura de riscos profesionais con entidade xestora da Seguridade Social	TA. 16.
Inscripción do empresario na Seguridade Social e apertura de conta de cotización principal	TA.6. TA.7.
Conta de cotización	
Réxime especial dos traballadores do mar (declaración individual do traballador autónomo)	TA.49.
Réxime especial dos traballadores do mar (inscripción de embarcacións e artefactos flotantes)	TA. 47.
Réxime especial dos traballadores do mar (declaración do titular da explotación marítimo-pesqueira e familiar traballador ó seu servicio)	TA. 50.
Solicitud de afiliación á Seguridade Social, asignación do número da Seguridade Social e variación de datos	TA. 1.
Solicitud de alta no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos-traballadores societarios	TA. 0521/B.
Solicitud de alta do traballador por conta allea ou asimilado	TA. 2/S.

MINISTERIO DE FOMENTO

11724 REAL DECRETO 646/2003, do 30 de maio, sobre interoperabilidade do sistema ferroviario transeuropeo convencional. («BOE» 139, do 11-6-2003.)

Coa finalidade de harmoniza-lo conxunto de normas técnicas que se aplican ós ferrocarrís, a Directiva 2001/16/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de marzo de 2001, relativa á interoperabilidade do sistema ferroviario transeuropeo convencional, fixa as condicións que se deben cumprir para lograr, no territorio da Unión Europea, a interoperabilidade do sistema ferroviario transeuropeo convencional. Así, a directiva regula, entre outras importantes cuestións, as condicións dos subsistemas, os requisitos esenciais sobre deseño, construción, mantemento e vixilancia dos compoñentes, en especial dos elementos que interveñen na circulación dos trens, o réxime de conformidade e idoneidade para o uso dos compoñentes de interoperabilidade e a verificación dos subsistemas.

Co obxecto de incorporar ó ordenamento interno a dita directiva comunitaria, faise necesario recolle-los requisitos alí establecidos, regulando as especificacións técnicas de interoperabilidade, os compoñentes de interoperabilidade, os subsistemas, os organismos notificados e a información relativa á infraestrutura e do material rodante.

A competencia para incorporar ó dereito interno a citada Directiva 2001/16/CE vén dada, ademais de polo título competencial recollido na disposición derradeira primeira deste real decreto, pola disposición adicional sétima da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, que autoriza o Goberno para dictar, por proposta do Ministerio de Fomento, as disposicións necesarias para a aplicación e desenvolvemento da dita lei.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de maio de 2003,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Normas xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto fixa-las condicións que deben cumprirse para realiza-la interoperabilidade da parte española do sistema ferroviario transeuropeo convencional, que se describe no anexo I.

2. Estas condicións refírense ó proxecto, construción, posta en servicio, rehabilitación, renovación, explotación e mantemento dos elementos do dito sistema que entren en servicio despois da data de entrada en vigor deste real decreto, así como ás cualificacións profesionais e ás condicións de saúde e seguridade do persoal que contribúe á súa explotación.

3. Para cada subsistema, este real decreto refírese ás disposicións relativas ós compoñentes de interoperabilidade, ás interfaces e ós procedementos, así como ás condicións de coherencia global do sistema ferroviario transeuropeo convencional requiridas para conseguila súa interoperabilidade.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, entenderase por:

a) Sistema ferroviario transeuropeo convencional: o conxunto composto polas infraestructuras ferroviarias, incluídas as liñas e instalacións fixas, da rede transeuropea de transporte, construídas ou acondicionadas para o transporte ferroviario convencional e o transporte ferroviario combinado, e polo material rodante concibido para